

## Antía Cal, pioneira das novas pedagogías

**Muras venres 31 marzo 2023**

O Concello de Muras ten interese en facer unha forte aposta pola reivindicación de Antía Cal. Coa proximidade do primeiro cabodano do seu pasamento, Muras quere ofrecer unha homenaxe a tan estimada veciña.

O evento constará de varios actos:

- O nomeamento da **Biblioteca "A palabra xusta"**. Era un xogo que Antía gustaba de facer cos seus alumnos ao finalizar o día. Cada neno tiña que escribir nun papel e cunha soa palabra o que aprendera nesa xornada. As respostas amosábanse na parede e, entre todos, escollían a mellor.
- O descubrimento dunha **placa na súa casa familiar** como agradecemento do pobo e o do Concello de Muras.
- A recuperación da **placa da "Casa do Médico"**, que fora cedida pola asociación de emigrantes de Muras na Habana e retirada durante a reforma á que foi sometido o edificio.

-A celebración do **Primeiro Encontro de Muras sobre Antía Cal:**

Será o acto principal da xornada onde se salientará a importancia desta gran pedagoga, defensora da lingua e do patrimonio.

Contamos coa colaboración de institucións, especialistas no seu legado, e representantes da súa contorna que profundarán no seu innovador xeito de exercer a pedagogía:

- ❖ 10:00 h. Concello de Muras – Alcalde - presidente da corporación: Don Manuel Requeijo Arnejo.
- ❖ 10:20 h. Universidade Santiago de Compostela – Dona Aurora Marco.
- ❖ 11.00 h. Produtora e Executiva do documental A Palavra Xusta – Dona Carme Varela.
- ❖ 11.20 h. Dona Elena López Seco, en representación da Familia do Burgo.
- ❖ 11.50 h. Actuación musical a cargo de Black.
- ❖ 12:15 h. Ex-alumno de Antía Cal no colexio Rosalía de Castro: Don José Pintado.
- ❖ 12.45 h. Investigador e voz do documental "Rescatada" sobre Antón Beiras: Don Xurxo Martínez González.
- ❖ 13:20 h. Descubrimento das placas da Casa do Médico e da biblioteca "A palabra xusta" ubicada no Concello.
- ❖ 13.40 Descubrimento da placa conmemorativa na casa familiar e visita guiada aos escenarios da película "A palabra xusta". Uns petiscos poñerán o ramo ao acto.

O encontro será na **Casa do Médico de Muras o venres 31 de marzo de 2023 desde as 10.00 h.** e finalizará na casa familiar de Antía Cal en As Águías (Muras) sobre as 14:15 h.